

Cuestión 13. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias

Durante a dinastía dos Austrias, Galicia mantivo unha posición periférica, pero de importancia estratéxica na ruta marítima cara ós Países Baixos. Os Austrias potenciaron a organización política do antigo reino: Capitán Xeneral, Real Audiencia, Xuntas do Reino de Galicia (que desde 1528 actuaban como representación do Reino). E desde 1622 recuperou o dereito a ter representación nas Cortes de Castela.

Durante os séculos XVI e XVII, a **sociedade e a economía** galega era fundamentalmente **agrícola** (máis do 85% da poboación vivía en e do campo). Ata 1560-1580 mantívose o sistema tradicional de produción feudal baseado no cultivo de cereais (trigo e centeo) e no uso do barbeito, que permitiu o crecemento da poboación. A partir destas datas, o desequilibrio entre poboación e recursos favoreceu á aparición de crises de subsistencia, que provocaron a diminución da poboación, sendo especialmente grave o ciclo negativo de 1626-33. Estas dificultades estimularon a **transformación do sistema de cultivo**. Desde a costa foise estendéndose o **cultivo do millo** (cereal procedente de América), que alterou o sistema de rotacións, diminuíndo o barbeito. As razóns do éxito do millo estaban nos seus altos rendementos, no curto ciclo vexetativo e na doada panificación. Estes cambios permitiron un forte crecemento da produción e da poboación nos séculos XVII e XVIII. Aínda así **a agricultura seguiu sendo de subsistencia**.

A actividade pesqueira, que alcanzara na Idade Media un importante desenvolvemento, mantívose durante o século XVI destacando, nesa centuria, o crecemento de Pontevedra cun influente gremio de mareantes que controlaba a **salgadura de peixe**. Pero desde finais do século XVI, a obriga de que os barcos pesqueiros tiñan que ir acompañados de protección armada doutros navíos (polos perigos de constantes ataques piratas) orixinou unha importante recesión durante o século XVII. A pesares disto, a pesca de baixura completaba a dieta das poboacións costeiras e a de altura potenciaba a economía grazas á pesca do bacallau en Terranova e á salgadura do peixe, en especial a da sardiña.

A estrutura social dos séculos XVI e XVII estaba organizada arredor da terra. Dunha parte estaban os **rendistas** (nobres e eclesiásticos), **preceptores de rendas señoriais**; doutra estaban os **labregos**, que traballaban terras alleas cedidas en usufruto. Desde o século XVI a cesión máis estendida foi o foro. **O foro** é un contrato de cesión da terra por parte dos **rendeiros** (eclesiásticos ou nobres) a **campesiños** por un tempo definido a cambio dunha participación proporcional da colleita ou dunha cantidade fixa. No século XVI a presión do campesiñado consegue a desaparición dos foros perpetuos e a **extensión o foro temporal**, xeralmente de tres xeracións.

Este sistema de explotación da terra **configurou unha sociedade de rendeiros** na que destacaba polo seu número a **fidalguía**. Desde finais do século XV a alta nobreza galega residía na Corte. Este **absentismo** da alta nobreza, propietaria xunto coa Igrexa da maior parte das terras, **permitiu o auxe da fidalguía**. Os **fidalgos**, pertencía á baixa nobreza e posuían escasas terras pero **conseguiron actuar como intermediarios** entre os propietarios das terras (**foristas**) e os **campesiños (foreiros)** e percibir pola xestión unha renda que era o seu principal sustento.

A **sociedade urbana** era **escasa**. As cidades eran pequenas, destacando Santiago de Compostela polas súas funcións relixiosas, **Pontevedra** pola actividade pesqueira e **A Coruña** pola función administrativa.